

EXPRESIONISMO

OBRA: O BERRO

AUTOR: **E. MUNCH** (1863-1944)


CRONOLOXÍA: 1893

ESTILO: Expresionismo

TÉCNICA: Óleo, pastel e temple

MEDIDAS: 91 cm x 74 cm

LOCALIZACIÓN: National Gallery (Oslo)



AUTOR E CONTEXTO ARTÍSTICO

A renovación que provocaron na pintura a finais do S.XIX o Impresionismo, o Postimpresionismo e o Simbolismo (tanto na iconografía como na composición, o cromatismo ou a técnica), foi o caldo de cultivo no que xurdiu a ampla variedade de tendencias ou “ismos” das novas vangardas do S.XX. A primeira vangarda do novo século foi o Expresionismo, que naceu en Alemaña e perdurou ata 1933, cando o réxime nazi subiu ao poder e prohibiuno tras declaralo “arte dexenerada”. A ideoloxía deste movemento (vinculada ás teorías do filósofo alemán Nietzsche, e ás do “pai” da psicanálise Sigmund Freud), estivo moi influenciada polo pesimismo que vivía Europa no primeiro terzo do S.XX. O obxectivo era transmitir a expresión os sentimentos e emocións do artista mediante a deformación da realidade por medio da cor e do dinamismo. O Expresionismo estivo representado por distintos grupos artísticos como *Die Brücke* (A Ponte), creado por Kirchner e outros pintores en 1905, de carácter radical e crítico, cuxas obras caracterizáronse por formas esperpénticas, cores violentas e trazos grosos, e polo grupo *Der Blaue Reiter* (O Xinete Azul), tendencia de gran lirismo cuxo mestre foi Kandinsky co apoio de Paul Klee.

Eduard Munch (1863-1944) foi un pintor noruegués considerado como pai do Expresionismo. Munch chegou a este movemento pictórico despois das súas viaxes e estancias en París nas últimas décadas do S.XIX, tras descubrir o Impresionismo e o Simbolismo. Gran parte da súa obra estivo marcada pola enfermidade, a morte e a dor que coñeceu na súa infancia e xuventude. Isto traducíuse nunha visión desolada da existencia, a cal quedou reflectida na representación de seres angustiados e inquietantes, melancólicos e solitarios, que captaba a través do seu espírito, non dos sentidos físicos. O seu estilo caracterizouse por pinceladas audaces e liñas sinuosas; un colorido arbitrario, case irreal, con masas de cor que inundan o lenzo, e os motivos simplificados, en ocasións debuxados de xeito grotesco.

COMENTARIO

O Expresionismo foi unha corrente artística que buscaba a expresión dos sentimentos e as emocións do autor, máis que a representación da realidade obxectiva. É dicir, antepoñía eses sentimentos á realidade. O artista expresionista o que busca é que se experimente un impacto fundamentalmente emotivo ante as súas obras. O importante neste movemento é a forma e o sentimento do autor. A pintura, polo tanto, tómake como un medio de desfogarse e de ver a vida con outro punto de vista. Para iso os pintores expresionistas utilizan as cores fortes e puras. Distorsionan as formas retorcéndoas e pintando rostros desfigurados e tristes, tratando de buscar coas liñas transmitir o ritmo deses sentimentos.

Os cadros expresionistas caracterízanse pola súa expresividade e forza psicolóxica a través das súas composicións agresivas. O movemento artístico no que Munch se inclúe tamén reaccionaba ante as clases burguesas e moitas veces a través da representación dos sentimentos trataban de reflectir as inxustizas sociais.

O berro é unha das obras mestras do Expresionismo, pois non en van considérase ao seu autor como un dos pais desta tendencia. Como é ben visible, o obxectivo do pintor non é recrear a realidade, senón utilizala para expresar un sentimento de angustia e soidade. É polo tanto, unha obra onde prima o expresivo sobre o narrativo.

Tema. Preséntanos unha personaxe en primeiro plano en actitude angustiosa. Tanto o ámbito (marítimo) coma a perspectiva acelerada, non tenden a crear un marco realista á personaxe, senón pola contra, potencian a súa actitude desesperada e trágica. Poderíamos dicir que, en realidade, o tema é a propia expresión dun sentimento de angustia. Representa unha figura cadavérica sobre unha ponte que leva as mans aos oídos, tapándoos ante un berro insoportable, pero é, á vez, un berro de pintura, un berro pictórico. As mans enmarcan o rostro, no que destaca a boca aberta, como expresión da angustia vital e a desesperación do ser humano. Ao fondo, aparecen outras dúas figuras humanas que seguen o seu paseo, sen darse de conta do sufrimento da personaxe central. En palabras do autor: *Paseaba por un sedeiro con dous amigos –o sol púxose-, de súpeto so ceo tinguiuse de vermello sangue, detívenme e apoieime nunha vala morto de cansazo –sangue e linguas de lume axexaban sobre o azul escuro do fiorde e da cidade –os meus amigos continuaron e eu quedei quedo, tremendo de ansiedade, sentín un berro infinito que atravesaba a natureza*. A imaxe transmítenos con eficacia a sensación de berro da natureza, a súa violencia, intensidade e desmesura. Como todas as pinturas e gravados de Munch, é unha reflexión plástica sobre a condición humana. Entre todos os temas que sacan á luz esa condición, preocuparán ao pintor a muller, a sexualidade e a relación amorosa, que na súa obra non é gratificante e simple, senón angustiosa, agresiva e necesaria.

Munch inspirouse nunha paisaxe real, situada nas aforas da cidade de Oslo, na que poden verse un fiorde ao fondo, uns barcos e unha ponte. Esta paisaxe aparece noutras obras do mesmo autor.

Composición. A figura principal atópase en primeiro termo e centrada. Porén, tanto a varanda como as curvas do fondo, así como a súa postura ondulada, dan un forte dinamismo a toda a escena. O movemento das liñas parece multiplicar en ondas o berro que a personaxe non pode soportar, “un berro a través da natureza”, segundo o artista, e as cores berran “nubes como sangue verdadeiro”.

Cor. Utilizando o óleo, aplica violentamente a cor. As cores empregadas axudan a resaltar a forza do cadro. A persoa aterrada, as dúas figuras do fondo e a paisaxe terreal aparecen representados con cores frías, verdes, azuis e negros, que nos transmiten unha sensación de angustia. O ceo e o chan da ponte fórmanse con trazos de cores máis cálidas, alaranxadas e amarelas, que aportan unha sensación de violento apaixoamento. Existe unha contraposición entre as gamas cálidas e frías que contrastan entre si. Tanto uns como outros son por completo antinaturalistas, sen ningún contacto coa realidade.

Liña. Hai unha forte contraposición entre as liñas rectas (diagonais) da zona esquerda e as ondulacións constantes da dereita. Tanto unhas como outras dinamizan a representación, facendo moverse ao ollo constantemente por toda a superficie do lenzo.

A **luz** é antinaturalista, sen un foco determinado nin emprego do claroscuro.

Perspectiva. Grazas ás diagonais e ás liñas onduladas, así como pola diferenza de tamaño entre as figuras, tense unha forte sensación de espazo que nos leva desde o primeiro plano ata o fondo sen puntos intermedios, comunicando así a figura co fondo e creando certo desasosego á hora de considerar a escena, levándonos con movementos rápidos dun lugar a outro (perspectiva acelerada).

Figuras. Sobre todo a do primeiro termo está deformada a través de constantes curvas, dándolle un aspecto de chama. Por outra parte, prescínlese de todo tipo de detalles, sendo moi esquemática a realización da cara ou mans.

O fondo sufrimento que marcou a vida de Munch (a prematura morte de seus pais e da súa irmá, a soidade, a neurastenia, o alcoholismo) quedan perfectamente reflectidos nesta obra mestra da pintura contemporánea universal.